



## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**

### **FUNDAMENTO E NATUREZA**

#### **Artigo 1º**

Ao abeiro do previsto nos artigos 58 e 24.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 deste texto legal, este Concello establece a taxa para a distribución de auga.

### **FEITO IMPOÑIBLE**

#### **Artigo 2º**

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos públicos por distribución de auga, incluídos os dereitos de conexión de liñas de abastecemento e saneamento, cando o servizo ou subministración sexa prestado polo Concello, nos termos especificados nas tarifas contidas no artigo 6 desta ordenanza.

A prestación do servizo levarase a cabo de acordo co que se estableza no Regulamento regulador do servizo que se aprobe.

Todos cantos desexen utilizar o servizo deberán de solicitalo por escrito ante o Concello.

### **SUXEITOS PASIVOS**

#### **Artigo 3º**

1.- Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados, polos servizos de distribución de auga e outros abastecementos públicos que constitúen o feito imponible da taxa.

2.- Cando as subministracións ou servizos regulados nesta ordenanza sexan solicitados ou recibidos por ocupantes de vivendas e locais diferentes dos propietarios do inmovible, estes propietarios terán a condición de substitutos do contribuínte.

Os substitutos do contribuínte poderán repercutir as cotas da taxa sobre os beneficiarios.

### **RESPONSABLES**

#### **Artigo 4º**

Responden solidariamente das obrigacións tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.



Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias destas entidades.

No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicou.

Os administradores de persoas xurídicas que non realizaron os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda exixible.
- c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data do cese.

A responsabilidade esixirase en calquera caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

As taxas liquidadas a persoas físicas e xurídicas que destinen ás subministracións e servizos obxecto desta taxa para o exercicio de explotacións e actividades económicas, poderán esixírselles ás persoas que sucedan ao adebedado no exercicio da actividade económica.

O interesado que pretenda adquirir a titularidade da actividade económica, logo da conformidade do titular actual, poderá solicitar do Concello certificación das débedas por taxas demandantes do exercicio da explotación mencionada. Caso que a certificación se expida con contido negativo, o solicitante estará exento de responsabilidade polas débedas existentes na data de adquisición da explotación económica.

## **BENEFICIOS FISCAIS**

### **Artigo 5º**

1.- Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer para esta taxa.

2.- Malia o disposto no apartado anterior, no artigo 6.2 desta ordenanza dispóñense tarifas reducidas aplicables cando os suxeitos pasivos acrediten escasa capacidade económica.

## **COTA TRIBUTARIA**

### **Artigo 6º**

- 1.- A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:



### **Tarifa primeira subministracións de auga:**

#### **Doméstico:**

Mínimo: ata 6 m <sup>3</sup> /abo.mes	2,682 €/ab.mes
Bloque 1º: máis de 6 a 30 m <sup>3</sup> /abo.mes	0,430 €/m <sup>3</sup>
Bloque 2º: máis de 30 m <sup>3</sup> /abo.mes	0,863 €/m <sup>3</sup>

#### **Industrial, comercial e obras:**

Mínimo: ata 18 m <sup>3</sup> /abo.mes	11,140 €/ab.mes
Bloque 1º: máis de 18 m <sup>3</sup> /abo.mes	0,631 €/m <sup>3</sup>

### **Tarifa segunda. Conexións:**

Dereitos conexión de abastecemento	34,68 €
------------------------------------	---------

### **Tarifa terceira. Conservación de acometidas de abastecemento e contadores Conexións:**

(non inclúe os abonados do polígono industrial)

Cota /abonado.mes	0,831 €/ab.mes
-------------------	----------------

## **ACREDITACIÓN E PERIODO IMPOSITIVO**

### **Artigo 7º**

1.- A obriga tributaria nace desde que se comeza o servizo co abastecemento independentemente de que se formalice ou non a súa petición.

Toda autorización para o uso do servizo municipal de abastecemento de auga, aínda que sexa temporal ou provisional levará aparellada a obriga ineludible de instalar o correspondente contador a custa do interesado, o cal deberá ser colocado en lugar visible e de fácil acceso que permita a súa lectura sen acceder á vivenda ou local.

Cando se soliciten os servizos referidos na tarifa 2ª do artigo anterior, esixirase o depósito previo da taxa cando se formule a solicitude.

## **RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO**

### **Artigo 8º**

1.- A taxa por servizos detallados na tarifa 2ª poderá esixirse en réxime de autoliquidación. A estes efectos, cando se solicite a prestación do servizo presentarse debidamente cuberto o impreso de autoliquidación..



A taxa por recepción das subministracións detalladas nas tarifas determinarase aplicando sobre os consumos as contías que nas citadas tarifas se conteñen.

A liquidación practicarase trimestralmente e poderá esixirse o seu pagamento por domiciliación bancaria. O pagamento da devandita taxa efectuarase no momento da presentación ao obrigado a realizala da correspondente factura.

2.- As cotas liquidadas e non satisfeitas no período de pagamento voluntario serán esixidas polo procedemento de constrinximento de acordo co establecido no Regulamento xeral de recadación. Isto sen prexuízo de incoar o correspondente expediente destinado ao curte do abastecemento.

## **INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

### **Artigo 9º**

Respecto das infraccións, sancións e procedemento sancionador por faltas cometidas no ámbito desta ordenanza, aterase ao disposto no regulamento do servizo ou, no seu lugar, ao que dispoña a Lei xeral tributaria, sen prexuízo das responsabilidades civís ou penais nas que poidan incorrer os infractores.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, e aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

San Cibrao das Viñas, 13 de outubro de 2008

A ALCALDESA;

Elisa Nogueira Méndez